

Círculo de Silencio 9 abril 2026

Estamos en contra da guerra, da violencia e do sufrimento humano. Aínda que esta debería ser unha idea compartida por toda a humanidade, a realidade que vivimos demostra o contrario: a guerra non só se tolera, senón que se xustifica, se financia e se perpetúa.

Hoxe denunciámos con claridade que as guerras do noso tempo responden descaradamente á avaricia. Sen límites nin paliativos. Son guerras polo control de recursos, polo dominio xeopolítico e polo beneficio económico. O acceso ao petróleo, ao gas, a minerais estratéxicos ou a rutas comerciais pesa máis que a vida das persoas. A vida humana convértese nun custo asumible dentro dun sistema que obtén lucro da destrución.

O ataque deliberado, indiscriminado ou desproporcionado contra civís e estruturas civís (como hospitais, escolas e vivendas) constitúe unha violación grave do Dereito Internacional Humanitario. Estas accións, que estamos vendo continuamente, están prohibidas polos Convenios de Xenebra, cuxo obxectivo é limitar os efectos dos conflitos armados sobre persoas non combatentes.

Amáis disto, por outra banda, mentres se fala de seguridade, tamén se nega a soberanía dos pobos mediante intervencións, ameazas e coaccións que afectan directamente ás persoas máis vulnerables.

Por todo isto, o mundo estase vendo abocado a unha preocupante deriva: a norma que impera é a lei do máis forte.

Parece que aceptásemos que a opción da guerra é a única e é inevitable, pero non podemos admitir como normal que quen ten máis poder impoña a súa vontade. É como se nos estivéramos rendendo pouco a pouco á lei do máis forte. A diplomacia e a intermediación parece que xa non teñan sentido.

Normalizar esa lóxica é renunciar á xustiza, ao dereito internacional e á dignidade dos pobos. É asumir que a forza está por enriba da razón e dos dereitos humanos, e iso é incompatible cunha paz verdadeira e duradeira.

Tamén hoxe nas nosas sociedades asistimos á falta de liberdade de pensamento e ao aumento do odio: ao diferente, ao estranxeiro, a quen pensa distinto. Discursos que dividen, sinalan e deshumanizan.

O discurso de odio racista e xenófobo, baseado na deshumanización e na propagación de bulos, non fai máis que xustificar e alimentar a violencia. Cando se nega a dignidade do outro, faise máis doado aceptar a inxustiza e mesmo a guerra.

Esta dinámica non é inocente: crea o caldo de cultivo perfecto para lexitimar os conflitos. Porque cando unha sociedade acepta o odio, acaba aceptando tamén a guerra.

Son moitos os motivos polos que poderíamos reunirnos hoxe nun círculo de silencio para denunciar inxustizas. Son moitas as feridas abertas no mundo. Pero, por enriba de todas elas, hai unha que non admite discusión nin matices: o dereito humano á vida.

A guerra destrúe vidas e sociedades. Deixa feridas físicas e psicolóxicas, rompe comunidades, condena xeracións á pobreza e perpetúa o ciclo da violencia.

E, mentres tanto, o investimento na paz segue sendo tan insignificante fronte ao gasto militar desbordado, que queda claramente visible cales son as prioridades do sistema actual.

Polo tanto, queremos expresar con claridade algo esencial: non podemos aceptar esta realidade como inevitable.

Por iso, hoxe, neste círculo de silencio, non só denunciaremos; tamén afirmaremos:

- Que a paz non é só a ausencia de guerra, senón a presenza de xustiza.
- Que non pode haber paz sen respecto á soberanía dos pobos.
- Que non pode haber paz mentres se promova o odio ao diferente.

Reclamamos o desarme, o fin do negocio da guerra e unha aposta real pola paz.

E facémolo dende o silencio, pero cunha firmeza que non pode ser ignorada.

Non á guerra. Si á paz.